

SUBVENCIONS PARA PROMOVER O AUTOEMPREGO E A ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E DE SUBVENCIONS COVID-19 PARA MANTEMENTO DO AUTOEMPREGO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA, DAS PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS.

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO.

RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora e de subvencións COVID-19 para mantementodo autoemprego, na Comunidade Autónoma galega, das persoas emigrantes galegas retornadas,e se procede á segunda convocatoria no ano 2021 (código de procedemento PR937A).

Obxecto e réxime das axudas.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das dúas liñas de subvencións dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas que exerzan a súa actividade laboral ou profesional na Comunidade Autónoma galega (código do procedemento PR937A):

Liña 1 subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora: teñen por finalidade fomentar o seu establecemento como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Liña 2 subvencións COVID-19 para mantemento do autoemprego: destinadas a compensar as perdas provocadas pola redución da actividade económica das persoas traballadoras autónomas ou por conta propia no contexto actual de pandemia.

Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas, que residindo fóra de España se establezan na Comunidade Autónoma galega:

As persoas galegas e nadas en Galicia.

Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nadas en Galicia.

Presentación e prazo de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>,

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Mais información

DOG do 21 de outubro de 2021

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211021/AnuncioG0595-111021-0005_gl.html